



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL PARA PROXECTO DE CLIMATIZACIÓN E BIBLIOTECA INFANTIL E XUENIL ILUSTRADA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A instalación de climatización e creación da biblioteca infantil e xuvenil ilustrada.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que contamos, como é a climatización e a creación da Biblioteca Infantil e Xuvenil Ilustrada da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, de uso socio-cultural, único con estas características.





Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital contén unha colección de estampas que supera os corenta mil rexistros, e abrangue dende incunables do século XV ata gravados de técnicas innovadoras do século XXI, o que o converte nun museo único en Galicia e en España.

Por todo o anterior é a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

